

Enlaces

Los blogs de nuestros colaboradores

Propón un blog

**VENTA DE PRODUCTOS
A 9 EUROS !!**
Venta directa a domicilio!! Click A

HEMEROTECA
MAGAZINE ON LINE PONTEVEDRA

Buscar

Inicio DeComprasX Deportes Alojamientos Gastronomía Nuestros Artistas DeFiestaX Masvedra Emigrantes en red C
Actualidad Granate Salud y Belleza MotorVedra Sociedad Economía Heráldica Sorteos

'Chámalle X' foxe da contaminación acústica da rúa

Miércoles, 09 de Noviembre de 2011 08:05

Nuestros Artistas



Este outono a cidadanía pontevedresa botará de menos as habituais *performances* das Xornadas de Arte en Acción **Chámalle X**. Pero non marchan, só se trasladan á Sala X da Facultade de Belas Artes, pois esta oitava edición ten como temática principal os sons que o corpo pode emitir ou fabricar, polo que “non sería apropiado levalas a cabo no espazo urbano, xa que hai moita contaminación sonora”, explicou Carlos Tejo, director das xornadas, de aí que se decantaran por un lugar pechado

“para gozar de cheo da expresión sonora dos artistas”. Marrocos foi escollido como convidado, “amosando o noso interese por aqueles países que non pertencen ao mundo da arte hexemónica ou comercial”, sinalou Tejo.

Esta nova edición de *Chámalle X* interésase polo son como fío condutor das accións presentadas, “pois non debemos esquecer que se trata dunha ferramenta importante da *performance* e tiñamos esa débeda pendente”, destacou o director das xornadas. Principalmente, as pezas experimentarán cos sons que produce o corpo humano, “traballando coa voz, basicamente”, pero tamén os emitidos polos instrumentos musicais ou os creados a través de software dixital. A vicerreitora do campus, Antonia Blanco, lembrou que este festival é un dos piares fundamentais da programación cultural de outono da vicerreitoría “ademais de que axuda a proxectar e a visualizar o labor da Facultade de Belas Artes entre a cidadanía pontevedresa”.

Pola súa banda, Fernando Suárez, vicedecano da Facultade de Belas Artes, salientou a función formativa deste tipo de actividades, “converténdose en fundamentais para a educación do noso alumnado, pois se soamente nos quedamos co ensino regrado, a formación do noso alumnado coxearía”. Destacou que a organización destas Xornadas de Arte en Acción esixe a implicación de profesorado e institucións, “creando un canal de conexión co exterior que permite traer á facultade ideas innovadoras, abrir a mente do noso alumnado e sacalos ao exterior integrándoos na cidade”, apuntou Suárez.


Crear sons a partir de liñas rectas

A programación da oitava edición de *Chámalle X* botou a andar este martes coa *performance* de **Berio Molina** coa que afondou na simbiose entre corpo e software. Ex alumno da Facultade de Belas Artes impresionou a todo o público que se congregou na Sala X cunha acción “creada *exprofeso* para as xornadas”. Grazas a un software de ordenador configurado polo propio artista, este foi quen de crear sons a partir de liñas vermellas que foi debuxando no rostro da súa colaboradora, María Rojo. “O programa informático detecta as liñas deseñadas a través dunha cámara de vídeo e, dependendo do trazo, vai cambiando o son”, explicou Molina. Este proceso

Jueves, 9 Febrero 2012

NOTICIA DEL DÍA

La Sinfónica de Galicia ofrec
jueves en Pontevedra un co
obras de Beethoven y Mend



de transformación estivo acompañado por refachos intermitentes de luz branca, “o que servía para visualizar o propio son”.

As actividades continuarán o mércores cunha nova actuación dun autor local e inaugurarase o ciclo de intervencións do país convidado, Marrocos, que constará tres performances "coproducidas a medias co festival de **Acción MAD Madrid**", aclarou Tejo.

O xoves comezará cunha mesa redonda onde se debaterá sobre distintos aspectos da arte en Marrocos, así como da súa problemática específica, “recuperando a sección reflexiva e teórica dos inicios de *Chámalle X*”, matizou o director. Logo será a quenda de outra actuación marroquí para deixar paso a dúas intervencións protagonizadas por ex alumnas da Facultade de Belas Artes, Sabela Peinado co *Ouveo Interminable* e Belén Choren con *Palabras-paisaxes a 3000 voces*.

Dende os inicios do festival no 2004, un dos seus obxectivos foi mesturar artistas galegos, que aproveitan o evento para darse a coñecer, “con nomes máis representativos do panorama español”, de aí que o venres peche o programa a valenciana **Lucía Peiró**, que leva traballando no campo da arte en acción dende os anos 80. A súa actuación terá lugar ás 20.00 horas no Museo de Arte Contemporánea de Vigo, Marco, “entidade que leva colaborando con nós dende hai anos”, concluíu o profesor Tejo.

Escribir un comentario

Nombre (requerido)

E-mail (requerido)

Restan: 1000 símbolos

☐ Suscribirse a la notificación de nuevos comentarios

Enviar

JComments

Articulos Recientes

05/11/2011 22:10 - **Alumnas de la Escuela de Diseño Goymar-Vigo participan este domingo en la 'Galicia Fashion-Week'**

06/10/2011 07:51 - **La Asociación San Roque inaugura este viernes una exposición del artista de Pontesampaio, Moncho Novas**

25/09/2011 08:09 - **Wladimir Dragossán presenta Miscelánea Poética en el programa FDS de la TVG**

21/09/2011 09:37 - **Wladimir Dragossán denuncia el robo de cuatro de sus cuadros en Portugal**

08/09/2011 08:31 - **Wladimir Dragossán y Adolfo Panero presentan este viernes "Miscelánea Poética" en la Galería Sargadelos**



CONECTA CON VÍ
¡Envíanos tus noticias!

OFERTA / DEMANDA

MIRA LAS OFERTAS Y PON TU ANUN



CELEBRACIONES EN
¡Busca tus fotos aquí!

HOY EN CELEBRACIONI

A Galería Sargadelos acolle i
y punto", protagonizada pol
de Belas Artes de Pontevedr



SERVICIOS




Cartelera de cir



Horarios de
trenes



Hor
au



SÍGUENOS



Esquelas / Defunciones
Pontevedra
Facilitado por

[Aviso Legal](#)

[Mapa del Sitio](#)

[Publicidad](#)

[Contacto](#)

[Hemeroteca](#)

[Conecta con Vidavedra](#)

[ESRADIO](#)